



O CONCELLO DE NIGRÁN INICIA O BORRADO DO CARRIL BICI DE PRAIA AMÉRICA CO FIN DE VOLTAR A CONCILIAR OS INTERESES DE PEÓNS E CICLISTAS

O goberno rexeita improvisar en actuacións deste tipo e aposta por un plan de mobilidade municipal supervisado por técnicos para crear sendas ou carrís-bicis seguros e eficaces

“Facelo foi un despropósito porque en lugar de conciliar intereses crea conflitos e resulta perigoso ao estar invadido por macetas, farolas, bancos e ocupar o 100% da beirarrúa en moitos tramos... Por iso sempre nos manifestamos en contra”, explica o alcalde, Juan González.

Nigrán, 29/12/15.- O Concello de Nigrán iniciou na pasada semana o borrado do carril-bici que discorre pintado ao longo de 2,6 km da beirarrúa de Praia América co fin de que quede definitivamente eliminado a inicios do ano próximo. Operarios municipais e de Cespa, ante a dificultade de quitalo sen danar o pavimento, realizaron diferentes probas durante meses para finalmente optar polo uso dun produto químico e posteriormente a aplicación dunha máquina hidrolimpiadora propiedade de Cespa, a solución máis económica e menos invasiva. Trala eliminación destas sinais horizontais suprimíranse as verticais.

O goberno socialista de Nigrán manifestou dende o inicio a súa oposición a esta actuación do anterior mandato porque considera que se fixo de xeito improvisado e en vez de conciliar intereses de peóns e ciclistas crea conflitos e supón un auténtico perigo para os viandantes. Así, o carril bici feito polo PP ocupa en zonas de Panxón e Lourido o 100% da beirarrúa (obrigando aos peóns a camiñar pola estrada) e no paseo de Panxón os vehículos non teñen outra opción que invadir o propio carril-bici. Ademais, maceteiros, farolas e bancos o interrompen en todo o tramo, supoñendo un obstáculo máis á circulación. Todo elo xera perigo ou sensación de perigo, polo que o borrado é



tamén unha das peticións máis demandadas pola veciñanza, que dende a súa implantación en febreiro do ano pasado comprobaron o despropósito do deseño.

“Apostamos pola creación de sendas peonís e carrís-bicis que fagan de Nigrán un municipio amigable para as persoas, pero sempre ben plantexados e sen que supoñan un perigo engadido ao propio tránsito de peóns ou ciclistas, xa que é o que precisamente deben favorecer”, subliña Juan González, alcalde de Nigrán. Así, o rexedor aposta pola creación dun plan de mobilidade que baixo a supervisión de técnicos defina claramente estes espazos, de xeito que resulten sempre seguros e eficaces e nunca quiten prioridade aos peóns. “A mobilidade peonil é a forma máis natural e básica de desprazarse, ningún outro tipo de mobilidade pode substituíla”, considera González, que aposta por políticas que prioricen aos peóns seguido de bicicletas, transporte público e vehículo privado. Precisamente, o carril-bici incumpría todas estas premisas: os peóns non podían camiñar polas beirarrúas nen sentarse nos bancos sen perigo de atropelo, e por outro lado, as bicicletas víanse obrigadas a sortear todo tipo de obstáculos perigosos que atrancaban o carril e mesmo vehículos. “A súa creación supuxo relegar ao viandante a un segundo plano, cando precisamente todo deseño urbano debe contemplar o contrario”, considera González.

EI AYUNTAMIENTO DE NIGRÁN INICIA EI BORRADO DEL CARRIL BICI EN PLAYA AMÉRICA CON EI FIN DE VOLVER A CONCILIAR LOS INTERESES DE PEATONES Y CICLISTAS

Nigrán, 29/12/15.- El Ayuntamiento de Nigrán inició la pasada semana el borrado del carril-bici que discurre pintado a lo largo de 2,6 km de la acera de Playa América con el fin de que quede definitivamente eliminado a inicios del año próximo. Operarios municipales y de Cespa, ante la dificultad de quitarlo



sin dañar el pavimento, realizaron diferentes pruebas durante meses para finalmente optar por el uso de un producto químico y posteriormente la aplicación de una máquina hidrolimpiadora propiedad de Cespa, la solución más económica y menos invasiva. Tras la eliminación de estas señales horizontales se suprimirán las verticales.

El gobierno socialista de Nigrán manifestó desde el inicio su oposición a esta actuación del anterior mandato porque considera que se hizo de manera improvisada y en vez de conciliar intereses de peatones y ciclistas crea conflictos y supone un auténtico peligro para los viandantes. Así, el carril bici hecho por el PP ocupa en zonas de Panxón y Lourido el 100% de la acera (obligando a los peatones a caminar por la carretera) y en el paseo de Panxón los vehículos no tienen otra opción que invadir el propio carril-bici. Además, maceteros, farolas y bancos lo interrumpen en todo el tramo, suponiendo un obstáculo más a la circulación. Todo ello genera peligro o sensación de peligro, por lo que el borrado es también una de las peticiones más demandadas por el vecindario, que desde su implantación en febrero del año pasado comprobó el despropósito del diseño.

“Apostamos por la creación de sendas peatonales y carriles-bicis que hagan de Nigrán un municipio amigable para las personas, pero siempre bien planteados y sin que supongan un peligro añadido al propio tránsito de peatones o ciclistas, ya que es lo que precisamente deben favorecer”, subraya Juan González, alcalde de Nigrán. Así, el regidor apuesta por la creación de un plan de movilidad que bajo la supervisión de técnicos defina claramente estos espacios, de manera que resulten siempre seguros y eficaces y nunca quiten prioridad a los viandantes. “La movilidad peatonal es la forma más natural y básica de desplazarse, ningún otro tipo de movilidad puede sustituirla”, considera González, que apuesta por políticas que prioricen a los peatones seguido de bicicletas, transporte público y vehículo privado. Precisamente, el carril-bici incumplía todas estas premisas: los viandantes no podían caminar



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

por las aceras ni sentarse en los bancos sin peligro de atropello, y por otro lado, las bicicletas se veían obligadas a sortear todo tipo de obstáculos peligrosos que atrancaban el carril e incluso vehículos. “Su creación supuso relegar al viandante a un segundo plano, cuando precisamente todo diseño urbano debe contemplar lo contrario”, considera González.